



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Estruturas de Edificación I	Código	670G01107	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas			
Coordinación	López César, Isaac	Correo electrónico	isaac.lopez@udc.es	
Profesorado	Dominguez Diez, Eloy Rafael	Correo electrónico	eloy.dominguez@udc.es	
	López César, Isaac		isaac.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A asignatura aborda contidos de resistencia de materiais e de accións na edificación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecementos aplicados á Arquitectura Técnica de resistencia de materiais e das accións na edificación.	A56 A58	B31 B32 B33 B34 B35
Visión xeral dos principios do análise tensional e deformacional, do predimensionado e comprobación de elementos estruturais sinxelos no ámbito da edificación. Determinación das accións que afectan a estruturas de edificación.	A37 A56 A58	B31 B32 B33 B34 B35	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9

Contidos	
Temas	Subtemas
1.-Tensións e deformacións. Relacións: ley de Hooke xeneralizada.	
2.-Principios da resistencia de materiais	
3.-Esforzos simples: axil (tracción e compresión). Cortadura simple. Flexión pura.	
4.-Esforzos combinados: flexión simple, flexión esviada, flexión composta.	



5.-Accións na edificación. Aspectos normativos. Bases do cálculo.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A37 A56 A58 B31 B32 B33 B34 B35 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	30	30	60
Proba obxectiva	A37 B31 B32 B33 B34 B35 C3 C6 C7 C8 C9	4	8	12
Solución de problemas	A37 B31 B32 B33 B34 B35 C3 C6 C7 C8 C9	26	52	78
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Expoñeranse os diversos conceptos teóricos da materia e orientarase ao alumnado no desenrolo do seu traballo autónomo.
Proba obxectiva	Plantexaranse cuestións e/ou problemas teórico-prácticos a resolver polo alumno.
Solución de problemas	Propoñeranse e/ou resolverán polo profesor e alumnado diversos exercicios prácticos relacionados co temario.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Sesión maxistral Proba obxectiva	A atención personalizada realizarase na propia aula e no horario e lugar de tutorías do profesor, que figura na web da Escola.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A37 B31 B32 B33 B34 B35 C3 C6 C7 C8 C9	Consistira en exercicios y/o cuestións teorico-prácticas	100

Observacións avaliación



CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

-1ª OPORTUNIDADE: para poder presentarse á proba obxetiva de primeira oportunidade o/a alumno/a debe ter unha asistencia a clase maior ou igual ao 80% do total das clases da asignatura. A proba obxetiva realizarase o día e hora que fixe a Escola no calendario oficial de exames. O aprobado alcánzase mediante a consecución de 5 puntos sobre os 10 puntos totais.

-2ª OPORTUNIDADE: estará aberta á totalidade do alumnado matriculado na materia, independentemente da súa porcentaxe de asistencia. A proba obxetiva realizarase o día e hora que fixe a Escola no calendario oficial de exames. O aprobado alcánzase mediante a consecución de 5 puntos sobre os 10 puntos totais.

En todo caso, recoméndase a asistencia continuada ás clases, así como o estudo continuado da materia.

Para a realización das probas obxetivas usarase un formulario realizado polo profesorado e publicado no Campus Virtual. Alternativamente poderase utilizar un formulario A4 manuscrito por ambas dúas caras elaborado polo/a alumno/a, que poderá conter exclusivamente fórmulas (non pode incluír exercicios resoltos, nin pasos para a realización de exercicios). Tamén se usará calculadora non programable e material de escritura e debuxo.

O exame é individual. O incumplimento deste requisito implicará a expulsión e a aplicación da normativa vixente. Os teléfonos móbiles, smart watch, ou calquera outro medio de almacenamento, fotografía, intercambio ou acceso á información están terminantemente prohibidos. Todos estes dispositivos deberán permanecer apagados e fora das mesas. A realización de fotografías do exame, durante a duración do mesmo, suporá a expulsión. A detección de PLAXIO, así como a REALIZACIÓN FRAUDULENTA de probas ou actividades de avaliación implicará a aplicación da Normativa Académica de Evaluacións, Calificacións e Reclamacións vixente da UDC. A publicación das notas realizarase dentro dos prazos legalmente establecidos. No listado de notas figurará o día e a hora da revisión de exames, que se realizará dentro dos prazos fixados pola Normativa Académica de Evaluacións, Calificacións e Reclamacións.

O estudo continuado da materia aporta un coñecemento máis profundo e duradeiro. Coa finalidade de incentivar dito estudo continuado, o profesorado, en función do desenrolo do curso, poderá plantexar probas mixtas de carácter voluntario cuxa puntuación sumárase á obtida no exame final, tanto de primeira como de segunda oportunidade.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN: Os criterios de corrección adecúanse aos derivados da realidade profesional. Como criterio xeral, os erros conceptuais valoráranse en función de súa gravidade, podendo chegar a anular o exercicio. Tamén resulta relevante a comisión dun error numérico, dado que o exercicio profesional busca resultados concretos.

CONDICIÓN PARA O ALUMNADO CON MATRÍCULA NA MODALIDADE DE TEMPO PARCIAL: O alumnado matriculado na modalidade a tempo parcial (que así o demostre, previa presentación do resguardo de matrícula ou da resolución do centro de concesión de tal condición) ten a posibilidade, si así o desexa, de presentarse ás dúas oportunidades, quedando eximido do cumprimento do mínimo de asistencia a clase. Esta circunstancia debe ser comunicada ao profesor o antes posible.

CONDICIÓN PARA O ALUMNADO CON DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA: O alumnado que ten recoñecido pola UDC o dereito a dispensa académica de exención de asistencia (que así o demostre, previa presentación da resolución de concesión de tal condición) poderá presentarse ás dúas oportunidades, quedando eximido do cumprimento do mínimo de asistencia a clase. Esta circunstancia debe ser comunicada ao profesor o antes posible.

CONDICIÓN PARA A OPORTUNIDADE ADIANTADA: O alumnado que solicite a oportunidade adiantada quedará eximido do cumprimento do mínimo de asistencia a clase.

ACLARACIÓN FINAIS: En todo caso, todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexíranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- ortiz Berrocal, Luis (1985). Elasticidad. Litoprint Pricam, SA.
- ortiz Berrocal, Luis (1992). Resistencia de materiais. McGraw
- M. Vazquez (1986). Resistencia de Materiales. Coimpres, SA.
- Timoshenko (1980). Resistencia de Materiales. Espasa Calpe, SA
- Feodosiev (1980). Resistencia de Materiales. Mir
- Timoshenko y Young (1981). Teoría de las Estructuras. Urmo, SA
- Documento (). DB-SE-AE. Ministerio de Fomento

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materials de Construción I/670G01105

Fundamentos Mecánicos das Estruturas de Edificación/670G01104

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Construción I/670G01106

Fundamentos Matemáticos para a Edificación/670G01101

Materias que continúan o temario

Estruturas de Edificación II/670G01111

Observacións

Para un axeitado seguimento da materia, resulta altamente recomendable a asistencia a todas as clases, así como o estudo continuado da mesma. Para o seguimento e a superación da materia resulta imprescindible o dominio das seguintes cuestións estudadas en asignaturas previas: -Cálculo e trazado de diagramas de esforzos en estruturas isostáticas (momentos flectores, esforzos cortantes e esforzos axiais). -Os conceptos de elasticidade contidos no temario da asignatura -Fundamentos Mecánicos das Estruturas de Edificación. -Xeometría de masas (determinación de centros de gravidade e de momentos de inercia de áreas sinxelas). -Trigonometría básica. -Resolución de sistemas de ecuacións. -Integración básica. -Razonamiento lóxico. -Sistemas de unidades. En xeral, para o correcto seguimento da asignatura resulta altamente recomendable ter adquiridos os coñecementos do temario da asignatura -Fundamentos Mecánicos das Estruturas de Edificación.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías